

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

*Decreto 116/2001, do 10 de maio, polo que se modifica o Decreto 402/1996, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de aproveitamento de augas mineiro-medicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.*

O artigo 27.14º da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, atribúe á Comunidade Autónoma competencias exclusivas en materia de augas minerais e termais, que foron asumidas definitivamente mediante o Decreto 132/1982, do 4 de novembro.

No uso desas competencias promulgáronse a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, e o Decreto 402/1996, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de aproveitamento de augas mineiro-medicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, que viñeron regular e ordenar un sector de gran relevancia social e económica en Galicia, como é o das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios.

A súa promulgación e posta en práctica foi de indubidable interese e beneficio para o sector, ó ter en conta as especiais características deste no ámbito galego e introducir no seu articulado conceptos relacionados coas últimas tendencias de carácter hidroxeolóxico para a protección en cantidade e calidade dos acuíferos.

A citada lei determinou que os perímetros de protección están constituídos por tres zonas que limitan as actividades que se pretendan levar a cabo nelas: zonas de restriccións máximas (ZMA), medias (ZME) e mínimas (ZMI).

O Decreto 402/1996, no seu anexo I estableceu as actividades prohibidas e as actividades condicionadas que se poden levar a cabo nas tres zonas de restriccións antes citadas, ZMA, ZME e ZMI, coa finalidade de protexe-los acuíferos.

A maioría dos mananciais de augas mineiro-medicinais e termais de Galicia son explotados desde épocas antigas, co conseguinte desenvolvemento e crecemento ó seu carón de núcleos de poboación e das diferentes actividades relacionadas con estes asentamentos.

Esta situación provocou, por unha banda, a imposibilidade práctica, en moitos supostos, de aplicación das restriccións contidas no anexo I do Decreto 402/1996, e, ademais, produciuse tamén a restricción do establecemento doutras novas activida-

des, coas conseguintes repercusións socioeconómicas e incluso legais que iso leva consigo.

Por outra parte, a aplicación do ata agora vixente anexo I interfere en competencias xa reguladas por outros preceptos legais específicos en materia ambiental, de xestión de residuos sólidos urbanos, dominio público hidráulico, etc., aplicación que xa cubre en por si as necesidades de protección dos acuíferos.

Por todas estas razóns aparece a necesidade de modifica-lo Decreto 402/1996, afectando basicamente ó anexo I nun dobre sentido: por un lado, refórzase a protección sobre a zona de restriccións máximas (ZMA), ó limita-las actividades que se van desenvolver nesta a aquelas derivadas da propia explotación do aproveitamento e as súas instalacións; por outro adáptanse as restriccións nas outras dúas zonas de protección (ZME e ZMI), ó establecido noutras lexislacións, de xeito que o seu cumprimento debe evita-la contaminación dos acuíferos. Todo iso vese complementado recollendo expresamente aspectos xa reflectidos na lexislación básica estatal en vigor, como son a necesidade de autorización, por parte da delegación provincial da consellería competente en materia de industria, de calquera traballo subterráneo, así como a apertura dun período de audiencia ó titular da concesión en todos aqueles expedientes sobre actividades que poidan afecta-lo normal aproveitamento das augas.

Por todo iso, por proposta do conselleiro de Industria e Comercio, de acordo co dictame do Consello Consultivo de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dez de maio de dous mil un,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o articulado do Decreto 402/1996, do 31 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de aproveitamento de augas mineiro-medicinais, termais e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, nos seguintes termos:

1. O artigo 12º quedará redactado da seguinte maneira:

1. O perímetro de protección para a conservación do acuífero, definido por coordenadas xeográficas referidas ó meridiano de Greenwich, estará constituído por tres zonas que limitarán as actividades que se pretenden levar a cabo nelas: zona de restriccións máximas (ZMA), zona de restriccións medias (ZME) e zona de restriccións mínimas (ZMI). As tres zonas estableceranse en función do que se denomina tempo de tránsito, que se define como o tempo que transcorre entre a entrada dunha substancia no seo do acuífero e a súa extracción pola captación.

A zona de restriccións máximas (ZMA) quedará limitada á zona da captación e as súas instalacións asociadas, limitándose as actividades que se van

desenvolver nesta ás derivadas da propia explotación do aproveitamento e das súas instalacións.

As actividades que se van desenvolver nas zonas de restriccións media e mínima suxeitas a limitacións de prohibición son as sinaladas no anexo I deste regulamento.

2. Ó inicio do aproveitamento o titular do dereito deberá te-la plena dispoñibilidade dos terreos que comprendan a zona de restriccións máximas (ZMA).

2. Modifícanse os puntos 1 e 2 do artigo 16º, os cales quedarán redactados da seguinte maneira:

1. Concluída a tramitación do expediente e, á vista dos informes recadados, a delegación provincial correspondente elevarao, co seu informe, á dirección xeral competente en materia de augas minerais e termais, que dictará a resolución que proceda, no tocante ó outorgamento do aproveitamento das augas solicitado.

A resolución que se dicte conterà, como mínimo, os seguintes puntos:

a) Nome e domicilio do titular a favor do que se outorga o aproveitamento.

b) Clase das augas, caudal máximo aproveitable, finalidade e forma de utilización das augas e condicións de aproveitamento e tratamentos autorizados.

c) Delimitación do perímetro de protección.

d) Tempo máximo de explotación autorizado.

e) Condicións especiais que en cada caso proceda impoñer ós aproveitamentos.

3. Créase un punto 4 do artigo 16º, que quedará redactado da seguinte maneira:

4. Unha vez outorgada a concesión ou autorización do aproveitamento, a consellería competente en materia de industria remitiralles unha copia da autorización ós organismos das diversas administracións públicas con competencias específicas no territorio afectado.

4. O artigo 18º, ó que se incorporan os puntos 2 e 3, quedará redactado da seguinte forma:

1. A autorización ou concesión dos aproveitamentos das augas aquí reguladas outorgan ó seu titular os seguintes dereitos:

a) Dereito á utilización exclusiva das augas na forma, condicións e durante o tempo que fose fixado na correspondente resolución administrativa.

b) Á protección do acuífero en cantidade e calidade para o seu normal aproveitamento na forma en que fose concedido e a utiliza-los medios legais necesarios para impedir que se realicen dentro do perímetro de protección que se fixase, traballos ou actividades que puidesen prexudica-lo acuífero ou o seu normal aproveitamento.

c) Ó aproveitamento das augas minerais que se encontren no perímetro de protección autorizado e que pertencen ó mesmo acuífero, logo de incoación

dos oportunos expedientes de declaración e aproveitamento.

2. Calquera traballo subterráneo que se realice dentro do perímetro de protección deberá contar previamente coa autorización da delegación provincial da consellería competente en materia de industria, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

3. Concederáse audiencia ó titular da autorización ou concesión antes de resolver en tódolos expedientes relativos á concesión de autorización para realizar traballos ou desenvolver actividades, dentro do perímetro de protección, que poidan prexudica-lo normal aproveitamento das augas.

A autorización administrativa para desenvolver traballos ou actividades dentro do perímetro de protección outorgarase sen prexuízo de terceiros.

5. O parágrafo 3 do artigo 30º quedará redactado da seguinte maneira:

3. Estes establecementos poderán dispoñer de instalacións de complemento turístico, de ocio e industriais, que quedarán sometidas as súas normativas específicas.

Así mesmo, os establecementos balnearios deberán respecta-la lexislación vixente en materia de defensa dos consumidores e usuarios.

6. O anexo I queda redactado da seguinte forma:

#### A.-Actividades relativas a residuos perigosos

ACTIVIDADES	ZME	ZMI
Producción de residuos perigosos	Prohibido o establecemento de novas instalacións	Prohibido el establecimiento de novas instalacións
Almacenamento e estacións de transferencia de residuos perigosos	Prohibidos	Prohibidos
Eliminación valorización e/ou vertedura de residuos perigosos	Prohibidos	Prohibidos

#### B.-Actividades relativas a residuos urbanos ou municipais

ACTIVIDADES	ZME
Depósitos controlados de residuos urbanos ou municipais	Prohibidos
Almacenamento e estacións de transferencia de residuos urbanos ou municipais	Prohibidos
Plantas de valorización ou tratamento de residuos urbanos ou municipais	Prohibidos

#### C.-Actividades relativas a residuos radioactivos

ACTIVIDADES	ZME	ZMI
Almacenamento de residuos radioactivos	Prohibidos	Prohibidos

#### D.-Actividades relativas a verteduras superficiais

ACTIVIDADES	ZME	ZMI
Verteduras superficiais: relación I de sub-tancias, segundo o Real decreto 849/1986, do 11 de abril	Prohibidos	Prohibidos

## E.-Actividades relativas a outras verteduras

ACTIVIDADES	ZME
Verteduras ou almacenamentos profundos, mediante pozos, foxos, galerías, inxeccións ou acúmulos en estruturas subterráneas	Prohibidos

Santiago de Compostela, dez de maio de dous mil un.

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente

Juan Rodríguez Yuste  
Conselleiro de Industria e Comercio

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS

*Corrección de erros.-Orde do 30 de abril de 2001 pola que se modifica a do 5 de decembro de 2000, pola que se regulan as axudas económicas para a atención de persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial e a inclusión no programa das entidades prestadoras de servizos sociais.*

Advertido erro na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 92, do 14 de maio de 2001, cómpre face-la seguinte corrección:

Na páxina 6.399, no artigo único, no punto 2º, parágrafo primeiro, onde di: «... polo tanto, a contía mínima mensual subvencionable será a diferenza...».

Deberá dicir: «... polo tanto, a contía máxima mensual subvencionable será a diferenza...».

#### CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS

*Resolución do 16 de abril de 2001, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena o rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa La Voz de Galicia, S.A.*

Visto o texto do convenio colectivo de ámbito autonómico da empresa *La Voz de Galicia, S.A.*, que se subscribiu o día 13 de marzo de 2001 entre a representación da empresa e os representantes dos traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

## A Dirección Xeral de Relacións Laborais

## ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la inscrición no devandito convenio colectivo no rexistro xeral de convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remiti-lo texto orixinal ó correspondente servizo deste centro directivo.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2001.

José Vázquez Portomeñe  
Director xeral de Relacións Laborais

Convenio colectivo de *La Voz de Galicia, S.A.* para o ano 2000

#### Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 1º.-Partes contratantes.

O presente convenio colectivo concértase entre *La Voz de Galicia, S.A.* e o seu persoal, mediante as súas respectivas representacións legais.

Artigo 2º.-Ámbito territorial.

O ámbito do presente convenio colectivo é de empresa e afecta a tódolos centros de traballo que *La Voz de Galicia, S.A.* ten constituídos e os que no futuro se poidan constituír no territorio nacional.

Artigo 3º.-Ámbito funcional.

As normas contidas no presente convenio colectivo afectan a tódalas actividades de *La Voz de Galicia, S.A.* encadradas en prensa, entendéndose por tales as que teñan relación directa ou indirecta coa edición e impresión de publicacións de aparición periódica, sexan ou non diarias, de información xeral ou especial.

Artigo 4º.-Ámbito persoal.

O presente convenio colectivo é de obrigatoria aplicación a todo o persoal da empresa *La Voz de Galicia, S.A.* que preste os seus servizos nela mediante contrato laboral.

Quedan excluídos do seu ámbito de aplicación:

a) As funcións de alto consello, en todo caso, e as de alta dirección e alto goberno, así como tamén as dos subdirectores.

b) O persoal técnico contratado con carácter exclusivo de prestación de servizos, é dicir, sen continuidade no traballo nin suxeición a xornada e que non figure, por tanto, no cadro de persoal da empresa.

c) Os corresponsais e colaboradores literarios ou gráficos que non reúnan as condicións que se determinan no Estatuto da profesión xornalística, que non se achen realizando o seu labor nos centros de traballo na empresa e que non se achen vinculados por contrato laboral a ela.